Acta da sesión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, do día 6 de xuño de 2024

(Control: 5POC)

[PLG/MCPP]

Na sala de comisións "Concepción Arenal" do pazo Parlamento de Galicia reúnese a **Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego,** o día **6 de xuño de 2024, ás 10:30 horas,** logo da convocatoria remitida para o efecto.

Asisten as persoas que se relacionan a seguir:

Mesa:
Noelia Pérez López
(Presidenta)
Carmen María Pomar Tojo
(en substitución de Roberto Rodríguez Martínez)
(Vicepresidenta -en funcións-)
Iria Carreira Pazos
(Secretaria)
Vogais:
Grupo Parlamentario Popular de Galicia (P):
María Encarnación Amigo Díaz
Raquel Arias Rodríguez
Patricia García González
Nicole Grueira Fernández
María Dolores Hermelo Piñeiro
(en substitución de Raúl Santamaría González)
José Alberto Pazos Couñago
Gonzalo Trenor López
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG):
Ariadna Fernández González
Olalla Rodil Fernández
Sonia Vidal Lamas
(en substitución de Iago Suárez Fernández)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Julio Ernesto Abalde Alonso
(en substitución de María Elena Espinosa Mangana)
Silvia Longueira Castro
Outros asistentes:
Paloma Castro Rey (S)
María del Carmen Rodríguez Dacosta (S)
Comparecentes:
Xerente do Servizo Galego de Saúde – Sergas
Directora xeral de Saúde Pública
Xerente do Consorcio de Igualdade e Benestar
Letrada:
Purificación López Gómez

A señora presidenta abre a sesión e rógalle á señora secretaria que lle dea lectura á relación de membros titulares da Comisión para os efectos de comprobar a existencia de quórum de constitución, así como as posibles substitucións. Logo da constatación deste, xustifica a falta de asistencia de Armando Ojea Bouza, voceiro do G.P. Mixto, por asistir a outra comisión coincidente en hora e data. Asemade, dá conta das seguintes alteracións:

- Cambio de orde no debate das iniciativas, tal como se comunicou previamente aos membros da Comisión, consistente en substanciar en primeiro lugar a POC 2654 (1.2).

- E as solicitudes de **aprazamento** das POC núm. 3616 e 4617 (que figuran na orde do día como 1.4 e 1.5, respectivamente), por petición das súas autoras dos grupos parlamentarios dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego, a través dos docs. núm. 5385 e 5223:

1.4 3616 (12/POC-000548)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Espinosa Mangana, María Elena e Longueira Castro, Silvia
Sobre as razóns da permanencia da administración xeneralizada de Sintrom, en lugar doutras alternativas, en todas as patoloxías e persoas que necesitan anticoagulación oral
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 25f2, do 16.05.2024

1.5 4617 (12/POC-000656)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e Carreira Pazos, Iria
Sobre o nivel de recursos sanitarios, materiais e humanos, existentes nos concellos da comarca do Salnés, así como sobre a súa planificación e a adaptación á demanda dos meses de verán
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 31f4, do 29.05.2024

Non se manifestan obxeccións a este respecto polo que se consideran aceptados por asentimento os precitados cambios.

Xa que logo, éntrase no desenvolvemento da orde do día e pásase ao debate, en primeiro lugar, da iniciativa que figura como segunda:

Punto único. Preguntas

1.2 2654 (12/POC-000426)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 2 máis
Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia no referido á execución da reforma, contratada en 2022, do Centro de Saúde de Meira

.../...

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 22f2, do 08.05.2024

A señora presidenta concédelle a palabra á señora Rodil Fernández (BNG), quen expón as razóns nas que se basean as cuestións concretas que figuran na súa iniciativa sobre as obras de mellora do centro de saúde de Meira.

Para a súa resposta intervén por parte da Xunta de Galicia o xerente do Sergas (Consellería de Sanidade), José Ramón Parada Jorgal (No decurso da súa intervención a señora presidenta auséntase da sesión e ocupa o seu lugar a señora Pomar Tojo).

Na rolda de réplica a señora Rodil Fernández (BNG) agradece a información recibida, que comenta e formula novas consideracións en base a ela (No decurso da súa intervención o señor Abalde Alonso (S) auséntase da sesión e incorpórase a súa compañeira, Mª del Carmen Rodríguez Dacosta).

Péchase o debate desta iniciativa cunha nova intervención do xerente do Sergas, José Ramón Parada Jorgal, quen contesta ás consideracións da señora deputada.

A señora presidenta -en funcións- agradécelle ao señor Parada Jorgal, a súa presenza e colaboración cos traballos da Comisión e descúlpao de seguir na sesión, da que se ausenta.

A seguir, pásase ao debate en segundo lugar da primeira iniciativa:

1.1 **518 (12/POC-000018)**
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Arias Rodríguez, Raquel e 8 máis
Sobre a inclusión de novas vacinas no Calendario de vacinación ao longo de toda vida
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 11f1, do 15.04.2024

(os autores desta pregunta presentaron escrito de autorización para a súa formulación pola señora Amigo Díaz, doc. 5349)

A Presidencia concédelle a palabra á señora Amigo Díaz (P), quen explica os motivos desta iniciativa sobre as valoracións que realiza a Xunta de Galicia na inclusión de novas vacinas no calendario de vacinación ao longo de toda a vida.

Para a súa resposta intervén por parte da Xunta de Galicia a señora directora xeral de Saúde Pública (Consellería de Sanidade), Carmen Durán Parrondo.

Na rolda de réplica a señora Amigo Díaz (P) agradece a información recibida, que comenta brevemente con novas consideracións ao respecto, ás que lle contesta nunha nova intervención a señora directora xeral de Saúde Pública, Carmen Durán Parrondo, e con cuxa intervención se pecha o debate desta iniciativa.

A Presidencia agradécelle á señora Durán Parrondo a súa presenza e colaboración cos traballos desta Comisión e descúlpaa de seguir na sesión, da que se ausenta.

Deseguido, pásase ao debate da terceira iniciativa:

1.3 3088 (12/POC-000479)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Longueira Castro, Silvia e Espinosa Mangana, María Elena
Sobre as listaxes de espera na tramitación e concesión das prestacións derivadas da Lei de dependencia, a construción de novas residencias de maiores e centros de día, así como sobre a definición dos seus modelos
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 25f2, do 16.05.2024

A Presidencia concédelle a palabra a señora Longueira Castro (S), quen expón os motivos nos que se basean as cuestións concretas que se conteñen na iniciativa sobre as listaxes de espera na tramitación e concesión das prestacións derivadas da Lei de dependencia.

Para a súa resposta intervén por parte da Xunta de Galicia o xerente do Consorcio de Igualdade e Benestar (Consellería de Política Social e Igualdade), Perfecto Rodríguez Muíños.

Na rolda de réplica a señora Longueira Castro (S), comenta a información recibida e insiste no tema obxecto de debate con novas consideracións ao respecto (No decurso da súa intervención a señora Rodríguez Dacosta (S) auséntase da sesión, á vez que se incorpora a súa compañeira, Paloma Castro Rey).

Péchase o debate desta iniciativa cunha nova intervención do xerente do Consorcio de Igualdade e Benestar (Consellería de Política Social e Igualdade), Perfecto Rodríguez Muíños (No decurso da súa intervención incorpóranse novamente á sesión o señor Abalde Alonso (S), previo o abandono pola señora Castro Rey)

A Presidencia agradécelle ao señor Rodríguez Muíños a súa presenza e colaboración cos traballos desta Comisión, así como aos demais membros da Comisión e, dado que non hai mais asuntos tratar, levanta a sesión.

Remata a sesión ás 11:50 horas.

V. e pr.

Iria Carreira Pazos
Secretaria da Comisión

Noelia Pérez López
Presidenta da Comisión